



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

meteogalicia

*Informe climatolóxico ano 2017*

---

# **INFORME CLIMATOLÓXICO ANO 2017**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>DESCRICIÓN DO ANO 2017 EN GALICIA POR MES.</b>	<b>2</b>
2.1.	Xaneiro	2
2.2.	Febreiro	3
2.3.	Marzo	4
2.4.	Abril	4
2.5.	Maio	5
2.6.	Xuño	6
2.7.	Xullo	6
2.8.	Agosto	7
2.9.	Setembro	7
2.10.	Outubro	8
2.11.	Novembro	9
2.12.	Decembro	9
<b>3</b>	<b>DESCRICIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2017 EN GALICIA.</b>	<b>10</b>
3.1.	Temperatura	10
3.2.	Precipitación	11
<b>4</b>	<b>BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2017 EN GALICIA</b>	<b>13</b>
4.1.	Temperatura	20
4.2.	Precipitación	23
<b>5</b>	<b>Evolución histórica da temperatura e precipitación.</b>	<b>28</b>
5.1.	Evolución da temperatura media por mes	29
5.2.	Precipitación	29
5.3.	Evolución da precipitación por mes e diagrama de Termohietas	30
5.4.	Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés)	32

➤ **Data edición: 28/01/2020.** Corrixido mapa de anomalías de temperaturas.



**Ano moi cálido, no que destacaron as temperaturas máximas, co valor máis elevado da serie histórica. En canto á precipitación, ano moi seco, cun 24% por debaixo do normal.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste documento preséntanse unha descrición climatolóxica do ano 2017. Así, faise un resumo mensual dos aspectos máis destacados e analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia 1981-2010.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente. Así, mesmo o índice de precipitación estandarizada (SPI) que se presentará no punto 4.3, emprégase para identificar períodos húmidos e de secas ó longo do tempo.

A serie rexional empregada nos distintos cálculos consta de 11 estacións para a temperatura e 16 estacións para a precipitación distribuídas por toda Galicia.

Para os cálculos relativos aos valores medios do ano e nos períodos climáticos correspondentes, empregáronse en precipitación 16 estacións meteorolóxicas representativas. Mentres que para a temperaturas empregáronse 11 estacións de referencia para calcular os valores medios.

## 2 DESCRICIÓN DO ANO 2017 EN GALICIA POR MES.

### 2.1. Xaneiro

Xaneiro quedou caracterizado pola persistencia das situacións anticiclónicas. Así, a estabilidade atmosférica, propiciou unha frecuencia moi superior á normal de días secos e fríos. Esta situación prevaleceu practicamente todo o mes, agás nas últimas xornadas, nas que o anticiclón desprazouse cara o leste europeo, permitindo por fin o achegamento das borrascas á Comunidade. Nestas últimas xornadas, a protagonista foi a neve, que foi moi abundante no día 26.

A temperatura media presentou unha anomalía de  $-0.7$  °C, resultando un mes frío, debido principalmente as mínimas, moi baixas na segunda e terceira semana do mes e durante o episodio da entrada de aire polar continental dos días 18, 19 e 20.



En canto á precipitación rexistrada foi moi escasa, só a partir do día 26 houbo algunhas xornadas de chuvia xeneralizada, en todo caso, incapaces de compensar o déficit das semanas anteriores. Así a porcentaxe de precipitación foi un 62 % por debaixo do normal, resultando un mes seco. En canto ao número de días de chuvia ( $pp \geq 1 \text{ L/m}^2$ ), foi de 9.3.

A xornada máis ventosa do mes foi a do 30, na que se rexistraron en moitos puntos da provincia de A Coruña, refachos superiores aos 100 km/h e tamén outros inferiores pero aínda elevados na Mariña Luguesa e na provincia de Pontevedra. Destacou tamén neste mes a gran porcentaxe de calmas rexistradas nas distintas estacións meteorolóxicas que miden o vento a 10 m.

## **2.2. Febreiro**

Quedou marcado polo paso de borrascas moi activas, na primeira e derradeira semana do mes. Nas outras xornadas houbo estabilidade, aínda que se rexistraron precipitacións non tan intensas nin persistentes coma no anterior período mencionado. Cabe destacar así, as catro primeiras xornadas do mes, nas que a chuvia xeneralizada, persistente e moi intensa, así como fortes refachos de ventos, estiveron acompañados dun aviso vermello por mar combinada no que nalgúns puntos se superaron alturas de ondas de ata 8 m. Na xornada do 3, dúas borrascas Kurt e Leiv, pasan moi preto de Galicia, deixando dúas situacións diferentes de temporais de vento e chuvia, de feito, nesta xornada, a nosa Comunidade rexistra en practicamente todas as estacións meteorolóxicas refachos por riba dos 100 km/h.

Os sistemas frontais con ventos do sur, que non deixaban descender as temperaturas, e o período de maior estabilidade, que ademais presentou elevadas temperaturas diúrnas, fixo que este febreiro se considerase moi cálido cunha anomalía de +1.3 °C. O precedente máis próximo atopámolo no ano 2008.

A chuvia rexistrada estivo moi por encima dos valores normais, acumulándose de forma destacable, nas catro primeiras xornadas do mes, debido a súa persistencia e intensidade. Así, febreiro foi moi húmido cunha porcentaxe dun 62 % por riba do normal. O número de días de chuvia foi de 13.8.



### **2.3. Marzo**

Marzo estivo caracterizado pola transición rápida e acusada entre as borrascas (con chegada de aire frío do Atlántico) e as altas presións, que trouxeron aire cálido procedente do norte de África. O día 3 Galicia estivo baixo a influencia dunha fronte de orixe polar marítimo, deixando unha importante caída das temperaturas e cota de neve, pero na que os espesores da neve non foron moi significativos. Nos días 8 ao 10, entrou aire cálido africano, polo que os termómetros rexistraron elevadas temperaturas, que mesmo superaron os 30°C nalgúns puntos da Comunidade. Xa no 11, houbo outro brusco descenso das temperaturas e da cota de neve, pola entrada de aire frío. Este patrón repetiuse ao longo do mes, con oscilacións na temperatura moi elevadas. Destaca a xornada do 22, na que as temperaturas baixaron moitísimo e a cota de neve estivo entorno aos 500 m. Os chuvascos que afectaron a Galicia foron de neve en moitas comarcas do interior. Como resultado da compensación das altas e baixas temperaturas rexistradas, a temperatura media presentou unha anomalía de 0.62 °C, considerándose o mes cálido. Este foi o primeiro mes de marzo que tiña unha anomalía positiva desde o ano 2012.

As xornadas que presentaron máis precipitación foron as do 3, 22 e 23. Ademais o número medio de días de chuvia foi de 13.5. O mes resultou húmido cunha porcentaxe dun 19 % por riba do normal.

Foron poucas as estacións meteorolóxicas que rexistraron refachos de vento por riba dos 100 km/h e o fixeron en distintas xornadas do mes. Sen embargo, destaca a escasa porcentaxe de calmas que se rexistraron neste mes.

### **2.4. Abril**

No mes de Abril as altas presións situadas ao norte da península Ibérica bloquearon o achegamento das borrascas do Atlántico. Esta situación favoreceu a entrada de aire cálido procedente do sur da península e do Norte de África.

Así, as temperaturas rexistradas foron moi elevadas para a época do ano. Destacan dous episodios, na xornada do día 9, se superaron os 30 °C en moitas localidades, en Arnoia tívose o rexistro máximo con 34.3 °C. Nas xornadas entre o 27 e o 29 os ceos despexados e as baixas temperaturas rexistradas, deron lugar a un episodio de fortes xeadas que afectou a gran parte da Comunidade. As anomalías de temperatura máxima foron moi elevadas, mentres que as mínimas, estiveron preto da normalidade debido á compensación entre as altas e baixas



temperaturas mínimas rexistradas. Como resultado disto, a anomalía de temperatura media acadou un valor de 2.27 °C, cualificándose o mes como moi cálido.

A ausencia de borrascas, ocasionaron que o mes se cualificase como extremadamente seco, con rexistros históricos de precipitación acumulada e de número de días de chuvia. Así, a porcentaxe de precipitación rexistrada foi un 83% inferior ao normal, con un número medio de días de chuvia de tan só 2.6. Esta porcentaxe foi a máis baixa da serie xunto co ano 1982, no que se acadou un valor similar.

As estacións de MeteoGalicia rexistraron tan só dúas xornadas ventosas (o 19 e o 30), pero a porcentaxe de calmas foi tan elevada, que só houbo refachos de vento significativos, nas estacións que xa son normalmente moi ventosas.

## **2.5. Maio**

Maio quedou marcado pola alta variabilidade entre as situacións que afectaron a Galicia. Así, por exemplo nas primeiras xornadas, acadábanse en moitos puntos temperaturas por encima dos 30 °C. A xornada do 5 sen embargo, as temperaturas presentaban unha oscilación de ata 10 °C con respecto á xornada anterior. Foron varias as xornadas, nas que Galicia estivo baixo a influencia das baixas presións, na que se mestura o aire cálido en superficie, con moito aire frío en altura, deu lugar a moita inestabilidade e situacións acompañadas de treboadas. Así, na xornada do 26 de maio acadouse o máximo histórico en Galicia dende que a rede de detección de raios empezou a funcionar (2010), cuantificándose 9562 raios.

As temperaturas estiveron moi por encima do normal, a pesar da variabilidade das situacións. Así, acadáronse rexistros históricos de temperatura máxima e media en moitas localidades. A anomalía de temperatura media foi de 2.6 °C por encima do normal, resultando o mes extremadamente cálido, a máis elevada da serie, cun valor moi próximo ao ano 1989.

As fronteas activas e situacións de carácter treboento, fixeron que as precipitacións estivesen por riba do normal. Neste mes o número medio de días de chuvia foi de 10.3. Así, choveu un 24 % máis do normal, considerándose o mes húmido.

En canto ao vento, destacan novamente as elevadas porcentaxes de calmas, sendo a xornada do 5 de maio unha das máis ventosas.



## **2.6. Xuño**

Xuño quedou en xeral baixo a influencia das altas presións que ademais de ceo despexado, achegaron aire cálido dende o norte de África. A partir do día 15, acadáronse en moitas localidades galegas temperaturas que mesmo superaron os 40 °C en moitos puntos do interior. Así mesmo, as mínimas non baixaron dos 20 °C, ocasionando noites tropicais.

Foi no 22 ao 23 cando estas temperaturas baixaron de forma significativa debido a entrada dunha masa de aire atlántica. Posteriormente volveu o predominio das situacións anticiclónicas. As últimas catro xornadas do mes foron de inestabilidade con chuvias xeneralizadas e un descenso brusco das temperaturas.

Este mes tivo unha anomalía positiva de temperatura de 1.61 °C, cualificándose como moi cálido.

O número medio de días de chuvia foi de 6.2, cun valor acumulado de precipitación para a Comunidade que foi un 17 % por debaixo do normal, porcentaxe que entra dentro do rango de valores normais para un mes de xuño.

En canto ao vento só cabe destacar a xornada do 28, na que aínda así non se superaron en ningunha estación os 100 km/h.

## **2.7. Xullo**

No mes de xullo a presenza de aire frío no Atlántico afectou á Comunidade en varias ocasións, polo que a característica principal foron os cambios bruscos entre xornadas de estabilidade e inestabilidade atmosférica. Déronse avisos amarelos por elevadas temperaturas nas xornadas do 3 e do 4 (xa que en puntos da metade sur superáronse os 35 °C). Tamén houbo unha xornada na que o aviso amarelo neste caso foi pola presenza de treboadas.

A anomalía para a temperatura media para este mes de xullo en Galicia foi de 0.62 °C, caracterizándose o mes como cálido.

O número medio de días de chuvia foi de 3.3. A porcentaxe de precipitación acumulada neste mes foi dun 42 % por debaixo do normal, considerándose seco.

No vento volveron a destacar as elevadas porcentaxes de calmas que rexistraron as estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia.



## **2.8. Agosto**

A variabilidade atmosférica tamén foi característica do mes de Agosto. O mes comezou irregular, fresco e húmido nos primeiros dez días do mes, a partir de mediados de mes, primou a estabilidade con importante aumento nas temperaturas, e nas derradeiras xornadas do mes, a inestabilidade atmosférica foi moi acusada. No día 10 aínda persistía algunha presenza de aire frío das xornadas anteriores e os ceos despexados, fixeron que as mínimas fosen moi baixas, acadándose en Calvos de Randín un rexistro de  $-1.6\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Pero tamén outras localidades do interior, rexistraron mínimas negativas. No período máis cálido do mes, entre os días 19 e 22, os termómetros rexistraron valores superiores aos  $40\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Pero na xornada do día 24, as baixas presión en Irlanda, fóronse desprazando cara Galicia arrastrando aire frío en altura que xunto co aire cálido das xornadas anteriores en superficie, ocasionou unha forte inestabilidade. Nos días 26 e 27 a baixa desapareceu en superficie quedando soamente o aire frío en altura. Este fenómeno coñécese como DANA (Depresión Illada en Niveis Altos), que deixou chuvascos localmente moi fortes acompañados de aparato eléctrico e mesmo de sarabia e pedrazo. Isto veuse reflectido no número de raios nun día, que estivo na cuarta posición do ranking dende o ano 2010, en que se empezaron a rexistrar os datos (8086 raios).

A anomalía de temperatura media foi de  $0.41\text{ }^{\circ}\text{C}$  por riba do agardado, considerándose o mes cálido, debido principalmente ás temperaturas máximas.

O número medio de días de chuvia foi de 4.8. A precipitación rexistrada a pesar da DANA foi dun 20 % por debaixo do normal, considerándose o mes lixeiramente seco.

En canto aos ventos, as protagonistas foron novamente a grande porcentaxe de calmas rexistradas nas estacións meteorolóxicas.

## **2.9. Setembro**

O anticiclón preto dos Azores non conseguiu evitar a chegada de fronteas atlánticas, pero si fixo que estas entrasen moi debilitadas e afectando principalmente á metade norte da Comunidade. A ausencia de incursións de aire cálido de orixe africano fixo que as temperaturas en xeral non fosen moi elevadas, estando por debaixo do normal para un mes de setembro. Tanto foi así, que foi o setembro máis frío nos últimos 21 anos. A anomalía de temperatura foi de  $-0.98\text{ }^{\circ}\text{C}$ , resultando cal e como se dixo un mes moi frío.





O número medio de días de chuvia foi de 8.2, compensándose os elevados valores da metade norte (con ata 16 días) cos da metade sur (que apenas chegaron aos 2 días). A porcentaxe de precipitación foi dun 67% por debaixo do normal, co cal o mes foi seco.

Novamente predominaron as calmas e ningunha estación rexistrou refachos de vento superiores aos 100 km/h.

## **2.10. Outubro**

As situacións anticiclónicas que afectaron á Comunidade durante gran parte do mes de outubro, foron as responsables de que o mes quedase caracterizado pola escaseza de chuvia e temperaturas moi elevadas para a época do ano. Así, foron comúns temperaturas que superaron os 30 °C en moitas localidades nos primeiros 14 días do mes. O día 5 achegouse o furacán Ophelia, aínda activo pola anormal elevada temperatura da superficie do mar. Tralo paso de Ophelia o movemento das altas presións cara ó sur provocaron o achegamento das borrascas do Atlántico, propias da época do ano. Estas tiveron dúas fronteas asociadas que durante os días 15 ao 17, afectaron a Galicia, con fortes ventos e chuvias que non foron xeneralizadas ata a xornada do 17. A xornada que máis chuvia acumulou en todo o mes foi a do día 20.

Cabe destacar as efemérides acadadas en temperaturas medias e máximas, así como nas máximas absolutas. A anomalía de temperatura media foi de +2.43 °C, considerándose o mes extremadamente cálido. Nisto participaron as máximas que acadaron unha anomalía histórica de 4.73 °C por riba do normal, fronte as mínimas que foron normais.

As precipitacións, confinadas ao período comprendido entre os días 16 e 21, foron escasas, resultando o mes moi seco, cunha porcentaxe de precipitación dun 79 % por debaixo da normal. Isto reflectiuse tamén no número medio de días de chuvia (4.5), que para a época do ano debería acadar os 10 en gran para da Comunidade.

Durante a xornada do 15 os ventos foron fortes, pero moi poucas estación rexistraron valores superiores aos 100 km/h.



### **2.11. Novembro**

En novembro, as chuvias concentráronse en dous episodios moi concretos: a principios e na penúltima semana do mes. Así, as xornadas máis chuviosas foron as do 3 e o 24.

As temperaturas estiveron moi preto das normais (cunha anomalía de  $-0.44$  °C con respecto ao período climático de referencia 1981-2010), aínda que as máximas presentaron unha anomalía positiva e as mínimas unha negativa.

O número medio de días de chuvia foi de 9.1, cun forte contraste entre a metade norte (14 días) e metade sur (5 días). A precipitación rexistrada non foi moi significativa, de feito a porcentaxe de precipitación foi un 48 % por debaixo do normal, resultando un mes moi seco.

A xornada do 22 foi moi ventosa, en Galicia foron moitas as localidades nas que os rexistros de refacho máximo superaron os 100 km/h.

### **2.12. Decembro**

O mes de decembro quedou caracterizado polas oscilacións entre dous períodos anticiclónicos ao principio e no medio do mes e dous períodos de chuvia, con borrascas moi activas, na segunda semana e nos derradeiros días do mesmo. A situación máis destacada do mes foi a chegada da borrasca “Ana”, no que o vento e as chuvias foron moi persistentes e fortes. Neste día máis de 40 estacións meteorolóxicas da nosa rede rexistraron refachos que superaron os 100 km/h, e moitas máis rexistraron chuvias acumuladas superiores aos 100 L/m<sup>2</sup>. Outra borrasca que tamén afectou a Galicia na xornada do 26 foi “Bruno”, que deixaba importantes cantidades de chuvia en todo o país e refachos de vento fortes no norte e zonas altas.

Debido ás oscilacións entre os períodos anticiclónicos que deixaban temperaturas baixas, particularmente nas madrugadas pero tamén durante as tardes en puntos do interior onde as néboas foron moi persistentes, e as situacións de borrasca con temperaturas moito máis suaves, a temperatura media presentou unha anomalía de  $-0.42$  °C, resultando o mes lixeiramente frío.

O número de días de chuvia, foi en xeral superior ao valor climático. As fronte activas que afectaron a Galicia, fixeron tamén que a porcentaxe de precipitación fose un 29 % superior a rango de valores normais, cun mes de decembro cualificado como húmido.



### 3 DESCRICIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2017 EN GALICIA

#### 3.1. Temperatura.

Neste documento vanse tomar os criterios da Táboa 1 para asignar unha categoría aos distintos meses segundo a temperatura. Emprégase para isto os percentís obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais o longo do ano 2017.

Temperatura	
Categoría	Percentil
extremadamente frío	<mínimo (1981-2010)
moi frío	Entre mínimo (81-10) e 20%
frío	Entre 20% e 40%
normal	Entre 40% e 60%
cálido	Entre 60% e 80%
moi cálido	Entre 80% e máximo (81-10)
extremadamente cálido	>máximo (1981-2010)

**Táboa 1:** Descrición das temperaturas en función dos percentís da serie 1981-2010.

En canto á temperatura, o mes de xaneiro do ano 2017 resultou frío, debido principalmente ás temperaturas mínimas, moi baixas na segunda metade do mes e no episodio de aire polar continental dos días 18, 19 e 20. Febreiro foi moi cálido polos sistemas frontais con ventos de sur que afectaron á Comunidade, que non deixaban descender as temperaturas e as elevadas temperaturas diúrnas. Marzo foi cálido, no que se compensaron as altas e as baixas temperaturas rexistradas. A elevada anomalía nas temperaturas máximas e a normalidade das mínimas ocasionou que o mes de abril se cualificase como moi cálido. Maio tamén estivo por riba do normal, resultando extremadamente cálido. Xuño, moi cálido, estivo baixo a influencia das altas presións que ademais de ceo despexado achegaron aire cálido dende o norte de África. As elevadas temperaturas en xornadas concretas do mes, para as que se deron avisos amarelos, fixeron de xullo un mes cálido. Agosto foi cálido debido principalmente ás temperaturas máximas rexistradas. Setembro foi o mes máis frío nos últimos 21 anos, cunha anomalía negativa de case un 1 °C. Outubro presentou temperaturas moi altas, non habituais nesta época do ano, de feito as máximas acadaron a anomalía máxima histórica da serie, por iso o mes cualificouse como extremadamente cálido. Novembro estivo moi preto da normalidade tendo



en conta a compensación entre as elevadas máximas e as baixas mínimas rexistradas. O ano remata cun mes de decembro lixeiramente frío, moi preto da normalidade.

Na Táboa 2 preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a temperatura mínima, media e máxima e de acordo aos criterios da Táboa 1.

Caracterización das distintas temperaturas mensuais do ano 2017			
Mes	Temperatura mínima	Temperatura media	Temperatura máxima
xaneiro	moi frío	frío	normal
febreiro	moi cálido	moi cálido	cálido
marzo	moi cálido	cálido	cálido
abril	normal	moi cálido	extremadamente cálido
maio	extremadamente cálido	extremadamente cálido	moi cálido
xuño	moi cálido	moi cálido	moi cálido
xullo	cálido	cálido	cálido
agosto	frío	cálido	cálido
setembro	frío	moi frío	moi frío
outubro	normal	extremadamente cálido	extremadamente cálido
novembro	frío	normal	cálido
decembro	frío	frío	normal

**Táboa 2:** Descrición das temperaturas con respecto ao período de referencia 1981-2010.

### 3.2. Precipitación.

No caso da precipitación e ao igual que na temperatura, empregaranse os percentís obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Os intervalos das distintas categorías móstranse na táboa 3. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais o longo do ano 2017.

Precipitación	
Categoría	Percentil
extremadamente seco	<mínimo (1981-2010)
moi seco	Entre mínimo (81-10) e 20%
seco	Entre 20% e 40%
normal	Entre 40% e 60%
húmido	Entre 60% e 80%
moi húmido	Entre 80% e máximo (81-10)
extremadamente húmido	>máximo (1981-2010)

**Táboa 3:** Descrición da precipitación acumulada en función dos percentís con respecto ao período de referencia 1981-2010.



O ano 2017 comezou con persistencia das situacións anticiclónicas, polo que o mes xaneiro considerouse seco. O mes de febreiro viu marcado polo paso de borrascas moi activas, nas que destacaron “Kurt” e “Leiv”, resultando un mes moi húmido. A variabilidade rápida e acusada entre as borrascas e as altas presións, deixaron un marzo húmido. Abril resultou extremadamente seco debido as altas presións que impediron o achegamento das borrascas do Atlántico. Maio sen embargo, cualificouse como húmido debido á presenza de fronteas activas e situacións de carácter treboento. Xuño presentou unha porcentaxe de precipitación acumulada que está dentro dos valores normais para esta variable. Os cambios bruscos entre xornadas de inestabilidade e estabilidade atmosférica e os escasos días de chuvia fixeron que o mes de xullo resultase seco. A pesar de que Galicia estivo baixo o efecto dunha DANA que deixou chuvascos localmente moi fortes durante as xornadas do 26 e 27, a precipitación acumulada no mes para o conxunto de Galicia fai que se cualifique o mesmo como lixeiramente seco. En setembro a posición do anticiclón dos Azores, provocou que as fronteas atlánticas entrasen moi debilitadas, polo que a chuvia acumulada non acadou os valores normais, considerándose o mes seco. As precipitacións no mes de outubro estiveron confinadas nun curto período de tempo (do día 16 ao 21), polo que o mes considerouse moi seco. En novembro tamén foron poucas as xornadas de chuvia xeneralizada, destacando as do día 3 e o 24, considerándose o mes moi seco. En decembro, caracterizado polo paso de borrascas moi activas (como “Ana” e “Bruno”) entre períodos anticiclónicos, cambiou a tendencia na precipitación, resultando o mes húmido.

En cuanto as precipitacións en forma de neve, durante o ano 2017 houbo xornadas nas que nevou en algunha localidade de Galicia.

Así, en xaneiro houbo 10 días nos que nevou nalgunha localidade de Galicia, destacando a xornada do 26. Febreiro a pesar de resultar un mes moi cálido, presentou 13 días nos que nevou nalgunha localidade de Galicia, se ben, exceptuando 3 xornadas, a neve restrinxíuse a cotas moi altas. Marzo presentou 7 días de neve, destacando as xornadas do 22 ao 24 nas que nevou en gran parte da Comunidade galega, xa que a cota era moi baixa (500 m). Abril tan só tivo 4 xornadas de neve, destacando a última do mes, polo espesor da neve acumulada. Hai que salientar que se restrinxiu as zonas máis altas do leste da Comunidade. Nas últimas dúas xornadas do mes de novembro, nevou nalgunha localidade galega. O ano 2017 remata cun mes de decembro no que houbo 12 días con neve nalgún punto, destacando a xornada do día 11.



Na Táboa 4 preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a precipitación acumulada e segundo os criterios da Táboa 3.

Resumo mensual de precipitación	
Mes	Precipitación
xaneiro	seco
febreiro	moi húmido
marzo	húmido
abril	extremadamente seco
maio	húmido
xuño	normal
xullo	seco
agosto	seco
setembro	seco
outubro	moi seco
novembro	moi seco
decembro	húmido

**Táboa 4:** Descrición da precipitación con respecto ao período de referencia 1981-2010.

#### 4 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2017 EN GALICIA

A continuación, na táboa 5, móstranse a media das temperaturas máximas máis altas rexistradas na rede de estacións de MeteoGalicia no ano 2017 con valores por riba dos 30°C. As temperaturas máximas medias foron moi elevadas principalmente no mes de agosto principalmente na provincia de Ourense e o interior da provincia de Pontevedra, aínda que tamén nalgunhas zonas no mes de xullo acadouse este limiar.

Temperaturas máximas medias por riba de 30 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	33.9	agosto
Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	33.4	agosto
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	32.3	xullo
Ourense	OURENSE	Ourense	31.9	agosto
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	31.6	agosto
Cequeliños	ARBO	Pontevedra	31.5	agosto



Temperaturas máximas medias por riba de 30 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	31.5	agosto
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	31.4	agosto
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	31.4	agosto
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	31.3	xullo
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	31.3	agosto
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	31.3	agosto
Areas	TUI	Pontevedra	31.3	agosto
Míllara	PANTÓN	Lugo	30.9	agosto
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	30.9	xullo
Xabrega	SOBER	Lugo	30.3	agosto
Larouco	LAROUCO	Ourense	30.2	xullo
Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	30.2	agosto
Laza	LAZA	Ourense	30.1	agosto

**Táboa 5:** Temperaturas máximas medias máis altas ano 2017.

Na táboa 6, móstranse as estacións da rede de MeteoGalicia ca media das máximas máis baixas, considerando aquelas nas que os valores foron inferiores aos 10°C. Xaneiro foi con diferenza o mes máis frío para esta variable, aínda que o mes de decembro tamén aparece para algunhas estacións. As baixas temperaturas neste mes, non se restrinxiron ás zonas altas da Comunidade.

Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
